

7 de Setembro do 2020

Estimadas familias:

BENVIDAS a este novo e estraño curso que comezamos!!!. Moi a pesar desta situación tan anormal, queremos transmitirvos tranquilidade ante os vosos medos e a incerteza da situación: estamos a organizar a vida escolar para procurar a saúde, benestar emocional e continuar o proceso ensino-aprendizaxe das vosas filla e fillos e do resto da comunidade educativa.

Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial desde E Infantil ata 4º ESO pero a rutina diaria do centro ten que mudar para poder garantir que non haxa contaxios. Solicitamos e, agradecemos xa de antemán, a vosa comprensión e colaboración para seguir as instrucións que imos axuntarvos e así facilitar a organización e todo funcione dun xeito fluído causando poucos prexuízos ao alumnado, profesorado e familias.

Todas as medidas adoptadas polo centro enmárcanse no Protocolo Covid da Consellería de Educación do 22 de Xullo e tras as modificacións do 31 de agosto de 2020. Como sabedes a través dos medios de comunicacións, estas instrucións están a mudar continuamente e non descartamos que haxa mais e nese caso faremosvos chegar os cambios. Toda a información deste curso está dispoñible tamén na web do cole: <https://vigo.salesianas.org/>.

É necesario que leades con calma todos os documentos axuntos e se tedes dúbidas escribide vía ESEMTIA á dirección pedagóxica ou titular, ou ben chamade à escola para aclararvos dúbidas que poidan xurdir.

Unha vez mais GRAZAS E MOITO ÁNIMO, nós seguimos poñendo RAZÓN E CORAZÓN para que este novo curso vai adiante coma (case) sempre.

Un saúdo,

O equipo directivo

INSTRUCCIÓN PARA AS FAMILIAS. INICIO DO CURSO 20/21

Esta organización poderá cambiar en función da evolución do curso, posibles inconvenientes que poidan xurdir unha vez que se poñan en práctica, modificacións por parte da Consellería ou suxestións que nos poidades achegar. Calquera cambio na mesma comunicárase con antelación. Consultade a páxina web con frecuencia así como o correo ESEMTIA.

A información mais específica da ESO enviarémola a comezos da semana que vén

1.- AGRUPAMENTO E MOBILIDADE DO ALUMNADO

Todo o alumnado terá a súa aula de referencia na que permanecerá toda a xornada escolar e será o profesorado o que rote polas aulas co fin de crear grupos de convivencia o mais estables posible.

Ademais das saídas ao patio para recreo só haberá movementos de alumnado nestes casos:

INFANTIL: Acudir a psicomotricidade na aula de psicomotricidade. O profesorado que terá contacto co alumnado de infantil é: a titora, especialista de inglés+auxiliar conversa, profe de psicomotricidade e xadrez.

PRIMARIA:

1º a 6º: Saen a Educación Física

2.- ENTRADAS E SAÍDAS.

Cada curso terá asignada unha porta de entrada e de saída nunha determinada franxa horaria. Dado que o obxectivo principal é evitar as mesturas dos grupos e evitar as aglomeracións, temos organizadas as entradas e saídas de xeito gradual por cursos e polos diferentes accesos da escola (podedes consultar o cadro final do documento)

ENTRADAS:

- O centro dispón de tres entradas en distintas rúas:
 - Rúa Estrada, Porta Azul – 1º, 2º E 5º EP
 - Escaleiras da portería, Rúa Estrada - 4º, 5º, 6º EI
 - Rúa Salvaterra - 4º, 6º, 3º EP
- As familias non poderán acceder ao centro para deixar ao alumnado, agás 4º e 5º infantil: só 1 familiar por alumno/a. Estas familias accederán pola portería e non poderán pasar da porta de cristal que divide a portería do corredor E. Infantil, Primaria.
- Cada porta abrírase à hora indicada e o profesorado que ten clase a primeira hora recolle a cada curso e o acompaña à aula.
- O alumnado irá directamente para a súa aula en canto entre na escola, gardando a distancia de seguridade (1.5m), circulando pola dereita e evitando deterse nos corredores.
- As familias con mais dun fillo/a deberán respectar a hora de entrada asignada a cada un, e agardarán ata que lles toque entrar. Se algún alumno/a o alumnado, especialmente EI/EP, non pode estar na porta à hora que lle corresponda por coincidencia de horario con outro irmá ou irmán

poderá esperar a que entre o último curso da súa porta ou pedimos que vos axudedes entre familias.

- É importante respectar os horarios de entrada e saída, no caso de que algún alumno/a chegue tarde terá que esperar a que entre o último curso da porta que lle corresponde e entrará con ese curso e ese profesor. Evitar chegar con moita anterioridade à hora da quenda marcada para evitar aglomeracións na rúa.
- Pedimos que evitedes comunicarvos co profesorado durante as entradas, hai outras vías de comunicación como axenda, ESEMTIA ou videoconferencia, os tempos de entrada están milimetrados e non podemos entorpecer à seguinte quenda
- **SERVIZO MADRUGADORES:**
 - O servizo de madrugadores comeza o LUNS 14 SETEMBRO en horario de 7.45 a 9.00 horas.
 - A entrada será pola rúa Salvaterra a partir das 7.45 horas.
 - Habilitaremos dúas aulas. Unha para Infantil e outra para Primaria.
 - O protocolo de entradas e saídas darase a coñecer aos usuarios deste servizo. O alumnado de 4º Infantil non ten servizo de madrugadores durante o mes de setembro. É obrigatorio o uso de máscara para este servizo.

SAÍDAS:

- Para facilitar a recollida do alumnado e evitar confusións e aglomeracións o alumnado sae na orde que vos indicamos no cadro de abaixo e por orde de lista. Pregamos que vos vaiades situando cerca da porta só os familiares do alumnado (un familiar por alumna/o) que vai saíndo segundo a orde indicada. Lembra de comunicar por escrito quen ven buscar e posibles cambios nas recollidas
- É moi importante que esta recollida se faga no menor tempo posible, evitando pararse nos arredores da escola o querendo falar co profesorado (hai outras vías de comunicación e outros tempos, agradecemos moito que teñades isto en conta). Os tempos de recollida son moi curtos e interferiría coa seguinte quenda
- **SERVIZO DE RECOLLIDA TARDÍA:** comeza o día 14 de setembro.
 - O horario de setembro é de 15-16 horas: sairá pola rúa Estrada.
 - Outubro-maio. De luns a xoves: 16:30-17:15 h e sairán pola rúa Salvaterra. Os venres: de 15-16 horas e sairán pola rúa Estrada.

IMPORTANTE: Toda esta organización non servirá de nada sen a vosa colaboración.

CADROS DE ENTRADAS E SAÍDAS

ED. INFANTIL-RÚA ESTRADA-PORTERÍA		
CURSO	ENTRADAS	SAÍDAS
5º INF.(4 anos)	MAÑÁ:8:50 horas TARDE:14:30 h	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 13:50H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:20H TARDE: 16:20H
6º INF (5 anos)	MAÑÁ:9:00h TARDE:14.35 h	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 14:00H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ :12:30H TARDE: 16:30H
4º INF (3 anos)	MAÑÁ: 9:10 horas TARDE: 14:40	<u>Setembro:</u> segundo calendario periodo adaptación - <u>Xuño/Venres todo o ano:</u> 14:10H - <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:40H TARDE: 16:40H

ED. PRIMARIA-RÚA ESTRADA-PORTA AZUL		
CURSO	ENTRADAS	SAÍDAS
1º EP	MAÑÁ: 8:45 h TARDE: 14:30 h	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 13:45H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:20H TARDE:16:25H
2º EP	MAÑÁ 8:55h TARDE: 14:35 h	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 13:55H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:25H TARDE:16:35H.
5º EP	MAÑÁ: 9:05 horas TARDE: 14:40 horas	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 14:05H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:30H. TARDE:16:45H.

ED. PRIMARIA- RÚA SALVATERRA		
4º EP	MAÑÁ: 8:45 horas TARDE: 14:30 h	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 13:45H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:20H. TARDE: 16:25 H.
6º EP	MAÑÁ: 8:55h TARDE: 14:35h	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 13:55H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:25H TARDE:16:35H
3º EP	MAÑÁ: 9:05 horas TARDE: 14:40 horas	<u>Set.&xuño/Venres todo o ano:</u> 14:05H <u>Out-maio:</u> MAÑÁ:12:30H TARDE:16:45H

3.- RECREOS

- En El sairán ao patio por quendas e os xogos do parque non serán utilizados.
- En EP haberá zonas acoutadas para cada curso de cada etapa, e haberá profesorado da etapa encargado do coidado do patio coma sempre. O acceso aos baños está marcado e terá que ser respectado como zona de paso único para este fin.
- As zonas serán rotatorias para que todo alumnado poida desfrutar de todas as zonas do patio
- O alumnado sairá ao patio ata a zona acoutada para cada curso acompañado polo profesorado que tiña clase. Ao rematar o recreo, o profesorado co que ten clase cada curso irá recollelo a cada zona.
- As saídas e entradas ao patio tamén gardarán unha orde que se comunicará ao alumnado na clase.
- No patio non se poden empregar xoguetes (excepción dos que xa están no parque de infantil), balóns, etc .
- En caso de chuvia, permanecerán nas aulas aqueles grupos que non lles tocasse a zona cuberta.

4.- MERENDAS:

- Todo o alumnado terá que traer a súa merenda da casa, non se poderá compartir e tomarase no patio
- As fontes estarán clausuradas para evitar contaxios, así que todo o alumnado terá que traer tamén o seu envase da casa a poder ser reutilizable (non poden ser de vidro e procurade que non sexan botellas de plástico non reutilizables), terán que ter o nome para evitar mesturas en caso de extravío
- En Infantil a merenda será no patio na medida do posible, aconséllase que traian todo nun recipiente tipo táper por hixiene por se houberse que comer na clase e así non terán que apoiar a merenda na mesa. Procurade que sexan alimentos que poidan tomar de xeito autónomo para evitar a axuda constante da/o mestra/e.

5- COMEDOR

- O servizo de comedor estará organizado pola empresa ARUME en coordinación co centro.
- Crearanse grupos o mais estable posibles por etapas e haberá o número de quendas precisas para dar servizo a todo o alumnado mantendo as distancias mínimas necesarias de 1.5m
- Todas as mesas e cadeiras terán o nome do alumnado que comerá sempre nese lugar.
- Os grupos de infantil pertencentes à mesma clase comerán xuntos na mesma mesa en grupos de 5 e a seguinte mesa estará a 1.5m. Faranse tres grupos diferenciados en función das clases. A zona de comedor destinada a EI é a zona do comedor con mesas e cadeiras mais baixas.
- O espazo destinado a EP e ESO é a zona máis ampla e próxima à cociña. O alumnado estará sentado a unha distancia de 1.5m.
- É obrigatorio de uso de máscara para acceder ao comedor e só se retirará para comer
- Entre quenda e quenda o comedor será desinfectado para recibir ao seguinte grupo. O tempo que ten cada quenda para comer será de 20 minutos.

- O alumnado de EI entrará directamente das aulas ao comedor
- O alumnado de EP/ESO entrará ao comedor pola porta que da ao patio, previamente terán que ter lavado as mans con auga e xabón
- As bandexas estarán xa organizadas con cubertos e pano e o persoal serve a comida. Unha vez listas, deixaraas preparadas enriba do auto servizo para ser recollidas polo alumnado.
- O alumnado non se poden auto servir auga, avisarán ao persoal de comedor para que lla subministren.
- Unha vez que remate de comer recolocará a máscara e deixará a bandexa no lugar indicado.
- Ao rematar o grupo abandonará o comedor e irá ao patio onde estarán as monitoras de patio
- O alumnado non poderá limpar os dentes ao rematar de comer por motivos de hixiene e seguridade ante a situación COVID
- Dentro do comedor haberá sinalización no chan indicando o itinerario a seguir e a entrada e saída
- Unicamente se pode levar ao comedor o abrigo ou chaqueta, e colocarse na cadeira que empregue cada alumno, alumna.
- Durante o mes de setembro e os venres do ano, as familias recollerán os seus fillos e fillas às 15 horas pola rúa Estrada, non se entregará alumnado antes desta hora nin por portería. A menos que se queden a recollida tardía tal e como se explicou no apartado de entradas e saídas.

6.-DESINFECCIÓN E HIXIENE NAS AULAS E OUTROS ESPAZOS

- A limpeza do centro está a cargo da empresa ARUME en coordinación co centro. A empresa presentou un protocolo de limpeza de acordo co que marca o Procolo de Acutacións Covid da Xunta de Galicia. Alén disto, toda a comunidade educativa e en especial o profesorado e o alumnado dos cursos superiores teñen responsabilidade e colaborarán en manter a desinfección e hixiene das aulas e outros espazos.
- As aulas serán ventiladas como mínimo en cada cambio de clase, ao saír ao recreo e ao final da xornada.
- En todas as aulas haberá o seguinte material: Xel hidroalcohólico (o alumnado e o profesorado teñen que botalo cada vez que entren na aula), solución desinfectante, panos desbotables papeleiras

7.- DESINFECCIÓN DE MATERIAL:

- O material que compartan varios alumnos, alumnas de distintos grupos no departamento de orientación, aula PT/AL, terá que ser desinfectado polo alumnado (se a idade o permite), ou profesorado cos panos desbotables impregnados con solución desinfectante.
- O profesorado encargarse da desinfección das superficies compartidas con outro profesorado/alumnado cada vez que cambie de aula

8.- MATERIAL DE PREVENCIÓN

- O uso das máscaras será obrigatorio para todo o alumnado que teñan 6 anos e desde 1º de Primaria nas aulas, nos patios e nas zonas común

- En E. Infantil recoméndase o uso da máscaras na aula para os menores de 6 anos pero será obrigatoria para todos nos patios e zonas comúns do centro
- Para o profesorado será obrigatorio o seu uso en todo momento coa excepción da logopeda que nalgúns momentos puntuais e mantendo a distancia mínima de 1.5 metro poderá retirala para realizar o seu traballo
- Cada alumno/a (desde 6 anos ata ESO) traerá dúas máscaras cirúrxicas ou reutilizables de reposto dentro dun estoxo ou similar marcado co nome do alumno, alumna por fóra.
- Aconséllase que o alumnado traia unha botella pequena con xel hidroalcolico aínda que o centro contará con dispensadores en diversos puntos do colexio (entradas, saídas, corredores e dentro das clases, neste último caso será administrada polo profesorado)
- O alumnado traerá panos desbotables para o seu uso individual

9.- ACTUACIÓN NO CASO DA APARICIÓN DE SINTOMATOLOXÍA NA ESCOLA

- Todas as familias deberán ter a responsabilidade e seguridade de que os seus fillos/as acuden á escola sen febre nin sintomatoloxía Covid. Para isto deben comprobar a temperatura dos seus fillos e fillas a diario antes de acudir ao centro, así como chequear posible sintomatoloxía COVID (febre,vómitos,diarrea.....ver mais no Anexo I do Protocolo). De mostrar algún destes síntomas NON poderá acudir ao centro
- Se algún membro da familia presentase sintomatoloxía COVID, alumnado tampouco deberá vir á escola.
- Cando algún alumno/a de EI, EP presente na escola sintomatoloxía compatible coa Covid avisarase a portería e será acompañalo/a á zona de illamento (primeiro recibidor da portería ou aula de música). No caso de ESO, avisarase ao profesorado de garda e acompañará ao alumno, alumna a unha das salas de illamento. As persoas que acompañen a este alumnado: tomarán a temperatura e avisarán as súas familias para que veñan búscalo na maior brevidade posible, e a familia avisará ao pediatra.
- Manterase a ventilación durante a estancia e o espazo de illamento desinfectarase en profundidade tras a marcha do alumno/a.
- Correspóndelle á familia informar à coordinadora COVID da evolución desta sintomatoloxía e ao titor/a do alumno/a.
- Faltas de asistencia por sintomatoloxía COVID estarán xustificadas simplemente notificando aos titores e coordinadora COVID mediante correo electrónico (en ESEMTIA escribir a belen.tizon@salesianas.org). Outras faltas de asistencia deberán ser xustificadas con xustificantes oficiais como de costume.

10. TITORÍAS E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Titores de cada curso:

4º-Ed.Infantil: Anabel

5º-Ed.Infantil: Yeraldin

6º-Ed.Infantil: Mar

1º E. Primaria: María

2º E. Primaria: Natalia

3º E. Primaria: Patricia

4º E. Primaria: Lorena

5º E. Primaria:Alberto

6º E. Primaria: Javier Alfaya

-Este curso non faremos as reunións iniciais conxuntas de presentación do curso e do profesorado correspondente. Os titores poranse en contacto de xeito individual ou en grupos reducidos para facer videoconferencias e resolver aquelas dúbidas que teñades. Aínda así achegamos as recomendacións específicas de cada curso aportadas por cada titor/a (van en anexo)

-Durante o resto do curso as titorías coas familias faranse preferiblemente por videoconferencia. Se precisades ter unha titoría solicitadea ao titor/a a través de ESEMTIA ou axenda do alumno/a.

11.- SECRETARÍA

-Pregamósvos que todos os trámites administrativos que precisades, tentedes facelos de xeito telemático. O correo para resolver dúbidas e trámites de secretaría ou administración é: administracionvigo@salesianas.org, ou recepcionvigo@salesianas.org

-Se precisades acudir ao centro pregámosvos que solicitedes cita previa vía correo electrónico ou chamando por teléfono (986 23 11 49). No caso de acudir ao centro teredes que seguir as indicacións da persoa que se atope en portería neste momento.

-O horario de atención presencial é de 10-12 horas,

12.- ENSINO A DISTANCIA

-No caso de confinamento dunha aula, curso ou de toda a escola, continuaremos co ensino a distancia a través de TEAMS empregando os correos corporativos @salesianas.org.

-Estamos tramitando a posibilidade de que todo o alumnado desde 3º primaria conte con correo corporativo para poder facer teledocencia se fose preciso ou traballar dixitalmente incluso co ensino presencial. Ao inicio do curso recibirídes información máis específica de parte dos titores.

- As familias de E. Primaria teñen que enviar nesta semana un correo vía

ESEMTIA indicando nome e apelidos do alumno, alumna e os correos da nai, pai ou titores cos que se establecerá contacto ou para posibles videoconferencias

13-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Durante o mes de setembro non haberá actividades extraescolares
- Durante o resto do curso non haberá actividades extraescolares de mediodía
- Estamos dialogando coas diferentes actividades que tivemos en anos anteriores para ver se fose posible realizar estas actividades en horario de tarde e seguindo o protocolo COVID. Cando teñamos máis información vola faremos chegar.

14-PRIMEIRO DÍA DE CLASE EI/EP

DATAS DE COMEZO:

- Xoves 10 setembro: 4º EI (según período de adaptación), 5º EI, 1º, 2º, 3º EP cos horarios de entradas e saídas establecidos no punto 2 deste protocolo.
- Venres 11 setembro: 6º EI, 4º, 5º e 6º EP cos horarios de entradas e saídas establecidos no punto 2 deste protocolo.

QUE HAI QUE TRAER:

- E.Infantil:
 - Merenda e auga
 - Estoxo con máscaras de reposto, xel hidro alcohólico, panos desbotables
 - Mandilón: 5º, 6º, 4º (non durante o mes de setembro)
- E.Primaria:
 - Mochila para levar os libros de fondo de libros
 - Libreta e bolígrafo
 - Merenda e auga
 - Estoxo con máscaras de reposto, xel hidro alcohólico, panos desbotables.
- Durante o curso o alumnado de 3º a 6º de EP traerán ao colexio, soamente os libros e material necesarios para cada día. Non se poderá deixar ningún libro de texto na aula, nin se poderán gardar os dos trimestres seguintes, a excepción de que o profesor/a indique o contrario nalgún momento
- O alumnado de 2º e 3º de EP deberán traer, durante o primeiro mes de clases, os libros do terceiro trimestre do curso pasado, das seguintes materias: Lectura/Lingua Galega/Lingua Castelá/Matemáticas/CCNN.